

Regulamento Completo:

- A proba denomínase XXV Milla Urbana Concello de Ares. É unha proba pertencente ao IV Circuito provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña.
- Terá lugar o sábado 6 de agosto, dende as 11 horas no Paseo marítimo da vila de Ares.
- O recorrido é totalmente cha e dispónse ao longo do paseo marítimo da vila nun circuito de ida e volta de iguais dimensións sobre o que íranse cubrindo as distancias de cada unha das categorías que son as que seguen, e que cubren as categorías prescritas das probas pertencentes ao Circuito provincial e a maiores contemplan as categorías prebiberóns, biberóns, e prebenxamíns

Prebiberóns	2013	50 (liña recta ata a meta)	11.05
Biberóns	2011-12	100 (liña recta ata a meta)	11.07
Prebenxamíns	2009-10	250 (xiro 125m)	11.10
Benxamíns	2007-08	500 (xiro 250m)	11.20
Alevíns	2005-06	800 (xiro 400m)	11.30
Infantís	2003-04	1000 (xiro 500m)	11.40
Cadetes	2001-02	1600 (xiro 800m)	11.50
Xuvenís	1999-2000	1600 (xiro 800m)	11.50
Xuniors	1997-1998	1600 (xiro 800m)	11.50
Promesa	1994-1996	1600 (xiro 800m)	11.50
Senior	1982-1993	1600 (xiro 800m)	12.00
Veteráns 1	1977-1981	1600 (xiro 800m)	12.00
Veteráns 2	1976-1967	1600 (xiro 800m)	12.00
Veteráns 3	1966-1957	1600 (xiro 800m)	12.10
Veteráns 4	1956 e anteriores	1600 (xiro 800m)	12.10

- Habará categorías tanto masculinas como femininas.
- Ata prebenxamíns, incluídos o Concello de Ares entregará unha medalla a cada participante e non existirá clasificación oficial nesas probas correndo todos os participantes co dorsal número 01.
- Dende benxamíns ata veteráns 4, habará pódium das probas, con entrega de medallas aos/ás 1, 2, e 3 clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como en femininos.
- Habará trofeo ao gañador absoluto e á gañadora absoluta da proba, así como ao corredor/a máis xove e ao/á máis veterá.
- As inscricións faranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo, rematando o prazo ás 23.59 horas do mércores 3 de agosto. Os dorsais poderán retirarse o venres 5 de agosto de 9 a 14 horas na Alianza Aresana, ou o mesmo sábado no mesmo lugar ata media hora antes da proba. Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día.
- No restante seguirase a normativa de aplicación no IV Circuito de Carreiras Populares da Deputación da Coruña, tanto no tocante ao réxime disciplinario como a o de premios.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 15008 A Coruña